

CUESTIONARIO PREPARACIÓN E REFLEXIÓN

FILOSOFÍA POLÍTICA

ANTROPOLOXÍA FILOSÓFICA

1. ¿O ser humano é un ser social, sociable, ou asocial, insociable?, ¿que importancia ten a sociedade para o ser humano?, ¿cabe pensar un ser humano ao marxe da sociedade?, ¿cabe concebir a humanidade sen sociedade?
2. ¿O humano é un ser político?, ¿os demais animais, son seres políticos?, ¿son seres sociais?, ¿é o mesmo ser social que ser político, referido ao reino animal, no seu conxunto, e aos humanos, en particular?, ¿ten sentido falar de política en relación aos animais?
3. ¿O ser humano é bondadoso, bo, ou malo, malvado, por natureza?, con outras palabras, ¿a natureza humana é boa ou mala?, ¿existe unha maldade innata no humano?, ¿o ser humano é egoísta por natureza?, ¿a conduta moralmente correcta ou incorrecta do humano ven determinada, marcada, xenética ou socialmente?